

## **NORMATIVA DE GRUPOS, AGRUPACIÓNS E CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

### **LIMIAR**

A LOU menciona os grupos de investigación como un dos niveis en que se organiza a investigación nas universidades. Así mesmo, os Estatutos da Universidade de Vigo refírense no artigo 103 á realización da actividade investigadora en grupos de investigación. Por outra banda, a Lei 14/2011, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (BOE 2 de xuño de 2011) incide nas actividades colaborativas na investigación, e o Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia centra un dos seus eixos estratéxicos no desenvolvemento das estruturas organizativas da investigación na Universidade. Este aspecto desenvólvese de xeito máis concreto na orde da Consellería de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 30 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia (DOG 30 de xaneiro de 2019).

Por todo isto, resulta conveniente definir as distintas estruturas organizativas nas que pode desenvolverse a investigación na Universidade de Vigo, dende o grupo de investigación ata os Centros de Investigación, indicando en qué consiste cada un deles, e elaborando a normativa que estableza a súa creación e composición. Por outra banda, é importante a coordinación entre as universidades do SUG, cara a utilización de criterios similares nos requisitos para os grupos de investigación, dentro do posible.

Ademáis, a constitución de grupos e estruturas colaborativas de investigación debe acompañarse da elaboración dun censo destes, para coñecer de forma precisa a situación da investigación na Universidade de Vigo e poder establecer unha política científica axeitada, así como facilitar a difusión da investigación no ámbito empresarial e social.

## 1. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

Os grupos de investigación constitúen a estrutura básica para o desenvolvemento, a organización e xestión da I+D+i na Universidade. Un grupo de investigación defínese como unha agrupación estable de investigadores e/ou investigadoras con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora, con obxectivos comúns, e infraestruturas e recursos compartidos e suficientes para permitir unha actividade de I+D+i continuada e competitiva.

Os grupos de investigación son o resultado da libre e voluntaria agrupación de investigadores e investigadoras que son libres de adscribirse ao grupo que soliciten, sempre que respecten os compromisos previos adquiridos e o grupo receptor os acepte. Non se pode obrigar a ninguén a pertencer a un grupo de investigación.

Os grupos de investigación deberán tender á diversidade de xénero.

A Universidade de Vigo manterá un rexistro centralizado de grupos e investigadores/as da Universidade de Vigo, que será actualizado periódicamente.

As cuestións relativas á constitución, mantemento e rexistro dos grupos de investigación serán competencia da Vicerreitoría de Investigación.

### Artigo 1. Criterios para a constitución dun grupo de investigación

Un grupo de investigación deberá estar integrado como mínimo por 3 investigadoras/es doutoras/es das seguintes categorías:

- a. Catedrático/a ou profesor/a titular de universidade ou de escola universitaria.
- b. Profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a axudante doutor/a
- c. Profesores/as eméritos/as u honoríficos/as.
- d. Persoal contratado nos programas: Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, outros posdoutorais do Ministerio e da Xunta de Galicia (agás aqueles que están na súa fase de estadía), Oportunius da Xunta de Galicia e persoal investigador baixo a modalidade de investigador/a distinguido/a (Lei da Ciencia), Marie Curie (neste último caso sempre que teña adscripción á UVigo), Programa de captación de talento investigador de excelencia da UVigo.
- e. Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde (PACS).
- f. Persoal interino, sempre e cando ocupe unha praza das definidas nos parágrafos anteriores.

Con carácter excepcional, e coa aprobación da Comisión de Investigación, un grupo poderá ter un número de investigadoras/es doutoras/es inferior ao mínimo, cando a produtividade, composición total do grupo e/ou ámbito ou campo científico de actividade o xustifique.

Unha vez acadada a composición mínima, poderán vincularse con consideración de "membros do grupo de investigación":

- a. Profesorado vinculado contractual ou estatutariamente de modo estable coa Universidade de Vigo que non posúan o título de doutor/a.
- b. Alumnado de doutoramento oficialmente matriculado na Universidade de Vigo no período de elaboración de tese.

Adicionalmente, o grupo poderá rexistrar a vinculación de:

- a. "Persoal de apoio": aquel persoal, investigador ou técnico, vinculado de modo conxuntural ás actividades do grupo mediante contrato laboral financiado con cargo a proxectos,

actividades de investigación ou outros recursos propios, sempre que a duración da vinculación sexa superior a 6 meses.

- b. "Persoal Investigador colaborador": aquel persoal investigador pertencente a centros de investigación ou organismos distintos da Universidade de Vigo que colabore de xeito habitual e fidedigno nas actividades de investigación do grupo. Para iso deben contar coa autorización da institución á que pertencen.

En circunstancias excepcionais, e suxeito a solicitude debidamente xustificada e aprobación pola Comisión de investigación, poderán rexistrarse nos grupos en calidade de "persoal investigador colaborador" persoas en situación laboral de autónomos ou persoal de administración e servizos ou tecnólogos da Universidade de Vigo, acreditando a condición nos primeiros e coa autorización de xerencia nos segundos. En ningún caso poderá rexistrarse nos grupos a poboación non activa.

Para a súa inclusión nun grupo de investigación, o persoal de apoio e o persoal investigador colaborador deberá responsabilizarse de dispoñer das coberturas de seguro médico, de accidentes e responsabilidade civil pertinentes, en previsión de posibles incidencias en caso de presenza física nas instalacións da Universidade de Vigo.

O persoal de apoio e o persoal investigador colaborador non computará de cara ás convocatorias de axudas a grupos de investigación da Universidade de Vigo, salvo que as bases da correspondente convocatoria indiquen o contrario.

A inclusión nun grupo de persoal de apoio ou persoal investigador colaborador non supón vinculación laboral coa Universidade de Vigo a ningún efecto.

## **Artigo 2. Normas xerais e de funcionamento de grupo**

Como índice de estabilidade e competitividade, un grupo debe acreditar que realiza actividades significativas de investigación:

- Participación como investigador ou investigadora principal en proxectos de investigación financiados en convocatorias públicas externas á Universidade de Vigo ou en contratos de I+D.
- Sexenios de investigación activos (obtidos nos últimos 7 anos), ou publicacións de calidade no seu ámbito.
- Dirección de teses de doutoramento.
- Patentes o promoción de empresas de base tecnolóxica (EBT).
- Contribucións de calidade resultado da creación artística.
- Actividades non lucrativas de carácter representativo ou de asesoramento para persoas físicas ou xurídicas e institucións distintas á Universidade de Vigo.

O grupo non poderá ser un simple agregado de investigadoras e investigadores senón que debe existir un obxectivo científico común: tema de traballo común e/ou complementario, utilización de técnicas e infraestruturas similares, colaboración en proxectos de investigación ou publicacións, etc.

Os grupos de investigación deberán establecer a súa adscrición formal a un Campus, Centro, Departamento ou área/s de coñecemento da Universidade de Vigo. En casos excepcionais, e logo de solicitude e autorización da Comisión de Investigación, poderase establecer a adscrición conxunta a máis dun Campus, Centro, Departamento e Área de coñecemento, sempre que o grupo integre investigadores/as doutores/as vinculados/as contractual ou estatutariamente á Universidade de Vigo pertencentes a distintos Campus, Centros, Departamentos e Áreas que acrediten actividade

investigadora conxunta. En todos os casos, será necesario o informe favorable de aceptación da adscrición.

Adicionalmente, os grupos poderán adscribirse a unha Agrupación ou un Centro de Investigación, estrutura que se define mais adiante na presente normativa.

Os grupos de investigación poderán vincularse a un ou varios Centros de Apoio á Investigación, na medida que participen nas actividades desenvolvidas nos mesmos, e co visto bo da correspondente Comisión Xestora e a autorización da Comisión de Investigación. Así mesmo, os grupos poderán vincularse a un ou varios clusters de Campus de Excelencia Internacional ou autonómico, redes de investigación nacionais ou internacionais, ou iniciativas análogas nas que poidan participar.

Un grupo de investigación da Universidade de Vigo pode colaborar cun Centro Tecnolóxico vinculado a esta se se cumpren as seguintes condicións:

- O grupo presenta unha traxectoria previa en actividades de investigación e transferencia de coñecemento de calidade demostrable, e aliñada cos obxectivos do Centro Tecnolóxico.
- Existe un plan de actuacións que avale o interese da colaboración.
- Cóntase coa aprobación do Centro Tecnolóxico.

Un grupo pode ter unha ou máis liñas de investigación, para as que se poden designar investigadores ou investigadoras principais diferentes dentro do grupo, non necesariamente coincidentes co coordinador ou coordinadora, sempre que sexan membros doutores/as.

O grupo deberá designar entre as investigadoras e investigadores principais un único "Coordinador/a", que actuará de interlocutor a todos os efectos de xestión e administración do grupo. Deberá ter tamén dous suplentes no casos de vacante, ausencia e enfermidade.

A creación e disolución do grupo deberá solicitarse na Vicerreitoría de Investigación, a través do rexistro da Universidade de Vigo, de acordo coas instrucións publicadas na páxina web da Universidade (<https://novo.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/organización-investigacion/grupos-investigacion/tramites-convocatorias>),

Os membros do grupo deberán respectar os compromisos previamente adquiridos.

A baixa como membro nun grupo de investigación, poderá darse a petición propia, ou polas seguintes causas: a finalización da vinculación coa Universidade de Vigo, o cambio de director/a de tese no caso de doutorandos/as, a inexistencia demostrable de actividades realizadas dentro do grupo. No caso de cesamento da vinculación coa Universidade de Vigo, a baixa será realizada de modo automático dende o Servizo de Investigación, sen ser necesaria a autorización do coordinador ou coordinadora do grupo.

As altas ou baixas de persoal nun grupo deben enviarse ó Servizo de Investigación, segundo os modelos que aparecen na páxina web da Univeridade (<https://novo.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/organización-investigacion/grupos-investigacion/tramites-convocatorias>),

Se algún membro do grupo non cumpre os requisitos esixidos para a súa permanencia no grupo o coordinador ou coordinadora deberá comunicalo ao Servizo de Investigación á maior brevidade posible.

Os/As investigadores/as individuais son aqueles/as que están rexistrados/as no rexistro de persoal investigador e grupos da Universidade de Vigo (SUXI-RI) e que non están adscritos/as a

ningún grupo de investigación. Un investigador ou investigadora individual pode integrarse como tal nunha Agrupación ou Centro de Investigación, e pode vincularse a Centros de Apoio á Investigación, clusters de Campus de Excelencia Internacional, redes de investigación nacionais ou internacionais ou iniciativas análogas, en función da súa participación nas actividades desenvolvidas, e coas autorizacións correspondentes.

### **Artigo 3. Procedemento para a constitución dun grupo de investigación e o rexistro de persoal investigador**

Os grupos que cumpran os requisitos enunciados no apartado anterior poderán solicitar, a través do seu coordinador ou coordinadora, a alta ou a baixa no Rexistro de grupos e persoal investigador da Universidade de Vigo (SUXI-RI). Para iso deberán cumprir o correspondente formulario dispoñible na páxina web da Vicerreitoría de Investigación e remitilo ao Servizo de Investigación, coa conformidade de cada membro. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos de composición, o Servizo de Investigación trasladará a solicitude á Comisión de Investigación para proceder, de ser o caso, á súa aprobación.

O seguimento e actualización dos grupos corresponderalle á Comisión de Investigación que validará os seguintes criterios:

- Solvencia científica e sostenibilidade do grupo.
- Calidade e competencia científica.
- Proxección e competencia nacional e internacional
- Capacidade de formación de investigadores.

O recoñecemento como grupo de investigación deberá solicitarse á Vicerreitoría de Investigación no primeiro trimestre de cada ano. Para a creación dun grupo de investigación deberá facerse constar, como mínimo, a seguinte información:

- Nome do grupo e abreviatura/código deste.
- Componentes do grupo e conformidade de cada un/unha deles/as.
- Campus, Centro, Departamento e área de coñecemento de adscrición.
- Liña/s de investigación e investigadores ou investigadoras principais responsables destas. Se unha persoa responsable dunha liña de investigación se dá de baixa do grupo e non se presenta outra responsable alternativa, darase de baixa a liña automaticamente.
- Recursos dispoñibles (equipos, instalacións), capacidades de investigación, resultados obtidos.

Os grupos de investigación poderán, a través da súa coordinadora ou coordinador, solicitar a modificación da súa composición, así como dos datos que figuran no rexistro de persoal investigador e grupos de investigación. Estas modificacións deberán solicitarse á Vicerreitoría de Investigación no primeiro trimestre de cada ano.

Realizaranse de modo directo, tras as comprobacións pertinentes por parte do Servizo de Investigación, as seguintes modificacións:

- Altas e baixas de investigadores e investigadoras en formación e perfeccionamento, persoal de apoio, persoal investigador colaborador.
- Substitución da coordinadora ou do coordinador.
- Eliminación, inclusión ou modificación de liñas de investigación, servizos, palabras clave, datos de contacto, códigos.
- Modificación do nome do grupo.

Será necesaria a aprobación da Comisión de Investigación para a seguintes modificacións:

- Altas e baixas de investigadores/as principais e membros do grupo de investigación.
- Modificación da adscrición a un Campus, Centro, Departamento ou área de coñecemento da Universidade de Vigo.

#### **Artigo 4. Disolución dun grupo de investigación**

Un grupo de investigación disolverase nos casos seguintes:

- Por solicitude do coordinador ou coordinadora e/ou a maioría de membros vinculados/as estatutaria ou contractualmente á Universidade de Vigo como persoal docente e investigador funcionario, profesorado contratado doutor, ou doutores/as contratados/as no marco de programas competitivos nacionais ou autonómicos recoñecidos.
- Se se deixan de cumprir os requisitos mínimos de composición durante un período superior a 3 meses.
- Se se dá de baixa a coordinadora ou coordinador do grupo e non se propón unha nova.
- Por non desenvolver actividades de investigación, por proposta da Vicerreitoría de Investigación e coa aprobación da Comisión de Investigación.

En todos os casos, os/as investigadores/as e os grupos de investigación deberán atender ao cumprimento das súas obrigas e compromisos adquiridos. Non se autorizarán cambios na composición dos grupos que poidan vulnerar os compromisos previos adquiridos (p.ex. axudas de investigación vixentes).

Todo o persoal docente e investigador (PDI) vinculado estatutaria ou contractualmente coa Universidade de Vigo, con actividade investigadora, e que non forme parte dun grupo de investigación, poderá estar incluído en condición de “investigadora” ou “investigador” no catálogo, sempre que así o solicite. Para iso, deberá cumprimentar o formulario dispoñible na páxina web da Vicerreitoría de Investigación e remitilo ao Servizo de Investigación; polomesmo procedemento poderá solicitar a baixa ou modificación dos seus datos.

É incompatible a pertenza a un grupo de investigación e a condición de investigador ou investigadora individual.

#### **Artigo 5. Condicións operativas xerais dos grupos de investigación**

Na información que se rexistre para os efectos de composición do grupo, deberá reflectirse a figura correspondente a cada integrante do grupo, e no caso do persoal investigador colaborador, a entidade á que pertencen.

Unha investigadora ou investigador poderá pertencer únicamente a un grupo de investigación, incluíndo isto o caso de organismos de investigación distintos á Universidade de Vigo. Non obstante, isto non implica ningún obstáculo para que un investigador ou investigadora colabore en proxectos con outros grupos da Universidade ou doutras institucións, en calquera tipo de convocatoria que o permita nas súas bases.

A pertenza a un grupo non obriga a participar en todos os proxectos e actividades do grupo. Non obstante, naquelas convocatorias destinadas a grupos de investigación nas que se conorra, a través do coordinador ou coordinadora, entenderase o acordo de todos os e as membros do grupo.

Cada membro do grupo de investigación comprométense a formar parte deste por un período de, polo menos, 3 anos dende a súa data de incorporación a este.

O/A investigador/a coordinador/a do grupo será responsable da actualización da súa composición no rexistro de persoal investigador da Universidade de Vigo.

Os grupos de investigación da Universidade de Vigo e as investigadoras e investigadores pertencentes a estes poderán acceder ás convocatorias de axudas á investigación da Universidade de Vigo. As convocatorias de axudas da Universidade poderán establecer a necesidade de estar previamente rexistrado na base de datos de grupos e as condicións de tamaño que se consideren convenientes.

A Vicerreitoría de Investigación emitirá os certificados de composición e/ou pertenza a grupos de investigación, de ser solicitados, e segundo os datos que figuren no momento da solicitude no rexistro de grupos e de persoal investigador.

A participación no rexistro de grupos e de persoal investigador da Universidade de Vigo implica a autorización de cada unha das persoas incluídas neste para difundir os grupos e investigadores/as, así como a súa oferta tecnolóxica e a experiencia rexistrada a través os proxectos nos que participan, publicacións e teses.

Todas as persoas rexistradas nun grupo de investigación ou como investigadoras ou investigadores individuais se comprometen a mencionar á Universidade de Vigo en calquera tipo de produción de investigación ou de transferencia derivada da súa actividade.

## 2. AGRUPACIÓNS

Os grupos de investigación poden incrementar o seu potencial de desenvolvemento e consolidación mediante a integración en estruturas organizativas eficientes de orde superior ao grupo que poidan favorecer a actividade investigadora interdisciplinar, o aproveitamento óptimo de competencias, recursos e infraestruturas, o acceso a fontes de financiamento e a consecución de niveis de prestixio e repercusión que dificilmente poderían lograrse de modo individual.

Co obxecto de favorecer a integración de capacidades dispersas e mellorar a competitividade máis aló do ámbito local, logrando satisfacer as necesidades da sociedade e o sector produtivo, o persoal investigador e grupos de investigación poden organizarse en agrupacións, definidas como unidades organizativas de investigación cun nivel de agregación superior ao grupo que teñan por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada con obxectivos de I+D e transferencia propios, en liñas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo, e que posúan unha masa crítica e uns recursos suficientes para alcanzar altos niveis de competitividade na captación de recursos e xeración de coñecemento.

Pódense distinguir dous tipos de agrupacións:

a. Agrupacións da Universidade de Vigo: formadas pola asociación de investigadores/as e grupos de investigación da Universidade de Vigo.

b. Agrupacións mixtas: formadas pola asociación de investigadoras/es e grupos de investigación da Universidade de Vigo e doutras Universidades ou organismos públicos ou privados de investigación, nacionais ou estranxeiros.

As cuestións relativas á constitución, mantemento e rexistro das agrupacións serán competencia da Vicerreitoría de Investigación.

### **Artigo 6. Requisitos para a constitución dunha agrupación**

- Unha agrupación deberá estar integrada polo menos por 5 grupos de investigación ou un mínimo de 10 investigadores/as doutores/as vinculados/as estatutaria ou contractualmente coas súas respectivas institucións, como persoal funcionario ou con contrato laboral de carácter indefinido.
- A agrupación deberá dispoñer dun plan de actuación, que xustifique claramente a súa necesidade, e o potencial multiplicativo dos resultados de investigación, demostrando a contribución aos seguintes obxectivos:
- Combinación dos recursos e capacidades dos grupos de investigación para alcanzar mellores resultados científicos e tecnolóxicos.
- Realización de investigación colaborativa e interdisciplinar de calidade.
- Establecemento de estratexias comúns de xestión e transferencia de coñecemento.
- Aproveitamento conxunto de infraestruturas, equipamento e espazos.
- Incorporación de persoal investigador en áreas que así o requiran por motivos estratéxicos.
- Incorporación racional e sostible de persoal de apoio para o desenvolvemento de tarefas técnicas, de xestión, comerciais, informáticas ou outras necesarias para a maior eficiencia da actividade investigadora.
- Internacionalización da actividade investigadora.

A agrupación deberá demostrar unha produtividade investigadora e de transferencia destacable. Para isto, deberá cumprir en primeiro lugar como mínimo un dos seguintes requisitos:

- Ter polo menos 6 proxectos competitivos, cun importe superior a 15.000 euros cada un, activos nos 3 últimos anos.
- Ter ingresos medios anuais por actividades de I+D superiores a 500.000 euros.

En segundo lugar, deberá cumprir polo menos dous dos seguintes criterios de produción científica:

- Ter 8 sexenios recoñecidos os seus membros.
- Doce artigos en publicacións SCI/SSCI nos últimos 3 anos.
- Seis libros publicados nos últimos 3 anos (só para grupos dos ámbitos Humanístico e Xurídico-Social).
- Seis tesis doutorais dirixidas e lidas nos últimos 3 anos.
- Catro patentes rexistradas nos últimos 3 anos.
- Dous acordos de explotación ou empresas (EBTs) xerados a partir de resultados de investigación obtidos nos últimos 3 anos.
- Dous participacións, como líder, en proxectos do Programa marco da UE nos últimos 3 anos.

Nas agrupacións mixtas, a contribución das investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo no relativo a persoal e produtividade investigadora e de transferencia deberá ser como mínimo dun 30% e como máximo dun 70% do total.

## **Artigo 7. Procedemento para a constitución dunha agrupación**

As agrupacións que cumpran os requisitos enunciados no apartado anterior poderán solicitar a súa constitución como tales, a través do seu coordinador ou coordinadora. Para iso deberán cumprir o correspondente formulario dispoñible na páxina web da Vicerreitoría de Investigación, e remitilo, xunto coa documentación necesaria, ao Servizo de Investigación.

A solicitude de constitución dunha agrupación deberá incluír:

- Presentación da agrupación, incluíndo: nome e acrónimo, grupos que a compoñen, identificación do/a coordinador/a, resumo dos obxectivos da agrupación e xustificación da súa existencia.
- Descrición da situación actual da agrupación, incluíndo: detalle dos ingresos por actividades de I+D+i dos grupos, das súas actividades de formación de persoal investigador e da súa produción científica e técnica, descrición das relacións con outros grupos de investigación, empresas e entidades e da súa participación en redes de ámbito científico-tecnolóxico.
- Plan de actuación da agrupación, no que se contemplan como mínimo os seguintes aspectos: xustificación da existencia da agrupación, estratexia da agrupación que detalle os seus obxectivos e o interese científico-técnico dos mesmos, así como os mecanismos que se aplicarán para mellorar a calidade e produtividade da actividade investigadora e o impacto dos resultados no ámbito social e produtivo, organización científica, funcional e de xestión da agrupación, previsión de presuposto e planificación de actividades dos próximos 4 anos, mecanismos de avaliación externa periódica, política de persoal, instalacións e medios actuais e previstos, memoria de actividades de I+D e de formación, viabilidade económica.
- Documentación acreditativa dos méritos sometidos a avaliación segundo os criterios descritos no apartado seguinte.

A Comisión de Investigación arbitrará os mecanismos para a avaliación das solicitudes presentadas,

para o que solicitará o asesoramento de persoas expertas externas á Universidade de Vigo e calquera outro organismo participante na solicitude . Estas persoas expertas deberán ser seleccionadas respectando o principio de paridade de xénero, salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas. A avaliación realizarase tendo en conta os seguintes aspectos, referidos á produción e calidade científica das investigadoras e investigadores integrantes da agrupación, da súa actividade investigadora e a idoneidade da programación proposta:

- Estrutura e organización da investigación (ata un total de 10 puntos): tamaño da agrupación, mecanismos de xestión e organización, infraestruturas.
- Actividade investigadora nos 3 anos anteriores á solicitude, en relación co número de investigadores/as (ata un total de 65 puntos): teses dirixidas, persoal contratado pre e posdoutoral procedente de convocatorias competitivas, proxectos de investigación en convocatorias competitivas autonómicas, nacionais e internacionais, participación en redes de ámbito nacional e internacional, ingresos por contratos ou convenios con empresas ou institucións, publicacións en revistas SCI/SSCI ou análogos, publicación de libros e capítulos de libro, índice H dos/as investigadores/as, publicacións de actas e conferencias invitadas en congresos internacionais, patentes rexistradas e en explotación, empresas creadas a partir de resultados de investigación, resultados de creatividade artística, participación en comités editoriais de revistas científicas.
- Estratexia da agrupación (ata un total de 15 puntos): calidade e viabilidade da proposta de desenvolvemento da agrupación, estratexia de aplicabilidade dos resultados.
- Potencialidade da agrupación para satisfacer as necesidades científico-tecnolóxicas da sociedade e o sector produtivo (ata un total de 10 puntos).

A avaliación establecerase baseándose nunha puntuación máxima de 100 puntos. Para ser aprobada a súa constitución, a agrupación deberá alcanzar unha puntuación igual ou superior a 60 puntos.

A Comisión de Investigación elevará o informe favorable de constitución dunha agrupación, cando proceda, ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

As agrupacións aprobadas como tales nas convocatorias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia se considerarán avaliadas favorablemente de oficio para a súa constitución, do que se informará o Consello de Goberno.

## **Artigo 8. Condicións operativas xerais dunha agrupación**

- a. As agrupacións recoñecidas na Universidade de Vigo presentarán á Comisión de Investigación unha memoria anual na que se indiquen os resultados obtidos durante ese período e a planificación e estratexia previstas para o ano seguinte, contemplando os puntos indicados no apartado anterior.
- b. A Comisión de Investigación arbitrará os mecanismos para a avaliación do cumprimento dos obxectivos das agrupacións xa existentes, e do plan de actuación proposto, autorizando, se procede, a continuidade da súa condición. Para esta avaliación, poderá contar co asesoramento de persoas expertas externas que serán seleccionadas respectando o principio de paridade de xénero, salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

- c. As agrupacións comprométense a cumprir co plan estratéxico proposto, e a manter a súa composición, salvo causa debidamente xustificada, e sometida a aprobación pola Comisión de Investigación, durante como mínimo un período de 2 anos.
- d. En función do plan estratéxico das agrupacións, a Universidade de Vigo poderá subscribir un contrato-programa con estas, formalizado co correspondente convenio, que describirá as condicións, orientadas a minimizar a carga burocrática dos investigadores e investigadoras e a facilitar a xestión administrativa e económica, mediante ferramentas administrativas e orzamentarias específicas axeitadas.
- e. As agrupacións recoñecidas serán consideradas de modo prioritario, sempre que sexa posible, nos programas de axudas de investigación da Universidade de Vigo, así como nas propostas e solicitudes institucionais nos programas de captación de investigadoras e investigadores, financiamento de infraestruturas científico-técnicas e grandes proxectos.
- f. O goberno da Universidade poderá promover a creación dun Centro Tecnolóxico baseado nunha ou varias agrupacións, segundo a normativa vixente, cando os resultados do plan estratéxico, especialmente no relativo á transferencia de coñecemento, así o aconsellen.

### 3. CENTROS DE INVESTIGACIÓN

#### Artigo 9. Obxecto

Os Centros de Investigación (en diante CI), como estruturas específicas de investigación que presten un marco legal axeitado as labores de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito da súa competencia que se realicen na Universidade de Vigo, e que teñan carácter estratéxico sectorial ou transversal, ademais de dar apoio instrumental, científico e tecnolóxico.

#### Artigo 10. Adscripción

Os CIs adscribiranse á Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo.

#### Artigo 11. Funcións.

As funcións fundamentais dos CI serán as seguintes:

- a. Favorecer ou agrupamento estable de grupos de investigación de xeito que a súa unión permita desenvolver ao máximo ou seu potencial investigador.
- b. Establecer vínculos con outros axentes do sistema de innovación: universidades, empresas, entes de financiamento, centros tecnolóxicos e centros de investigación nacionais e internacionais co fin de promover ou desenvolvemento de proxectos de investigación.
- c. Fomentar a dimensión internacional e a excelencia da investigación desenvolvida.
- d. Realizar traballos de carácter científico e tecnolóxico ou actividades específicas de formación para os organismos ou entidades públicas ou privadas, principalmente do seu contorno xeográfico e social que así o demanden, mediante ou desenvolvemento de proxectos e contratos de investigación de conformidade cos procedementos legalmente establecidos.

#### Artigo 12. Tipos de centros de investigación

Pódense distinguir dous tipos de CI:

- a. CI da Universidade de Vigo: formados pola asociación maioritaria de investigadores e/ou investigadoras da Universidade de Vigo.
- b. CI Mixtos: formados pola asociación de investigadores e/ou investigadoras e grupos de investigación da Universidade de Vigo e doutras universidades ou organismos públicos ou privados de investigación, nacionais ou estranxeiros.

#### Artigo 13. Requisitos para a constitución dun CI

Para a creación dun CI, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a. Tamaño, capacidade investigadora e de captación de recursos significativa, alomenos equivalente á requirida para a constitución dunha agrupación.
- b. Posuír un Plan Estratéxico singular.
- c. Posuír un Plan de Viabilidade Económica.
- d. Os Plans Estratéxico e de Viabilidade Económica deberán ser avaliados favorablemente por

un comité de persoas expertas externas, formado por investigadoras e investigadores de recoñecido prestixio, designado pola Comisión de Investigación. Este comité deberá respectar na súa composición o principio de composición equilibrada de mulleres e homes, salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

- e. Nos CI mixtos, a contribución dos/as investigadores/as da Universidade de Vigo no relativo a persoal e produtividade investigadora e de transferencia deberá ser como mínimo dun 30% e como máximo dun 60% do total.

#### **Artigo 14. Procedemento para a constitución**

- a. A iniciativa do Equipo de Goberno da Universidade, ou por solicitude dunha ou varias agrupacións, a proposta para a creación do CI será presentada na Vicerreitoría de Investigación para os efectos de que se presente na Comisión de Investigación quen iniciará o procedemento para elevalo, se procede, ao Consello de Goberno.
- b. A solicitude de constitución dun CI deberá incluír:
- Presentación do CI, incluíndo: nome e acrónimo, grupos ou investigadores/as que o compoñen, identificación do coordinador ou coordinadora da proposta, resumo dos obxectivos do CI e xustificación da súa existencia.
  - Plan estratéxico do CI, no que se contemplan como mínimo os seguintes aspectos: xustificación da existencia do CI, estratexia que detalle os seus obxectivos e o interese científico-técnico dos mesmos, así como os mecanismos que se aplicarán para mellorar a calidade e produtividade da actividade investigadora e o impacto dos resultados no ámbito social e produtivo, organización científica, funcional e de xestión do CI, mecanismos de avaliación externa periódica, política de persoal, instalacións e medios actuais e previstos, memoria de actividades de I+D e de formación.
  - Plan de viabilidade económica do CI.
  - No caso de CI Mixtos, autorización expresa da institución ou institucións colaboradoras.
- c. A Comisión de Investigación arbitrará os mecanismos para a avaliación das solicitudes presentadas, para o que solicitará o asesoramento dunha comisión de persoas expertas de recoñecido prestixio, externas á Universidade de Vigo e calquera outro organismo participante na solicitude. Esta comisión deberá respectar na súa composición o principio de composición equilibrada de mulleres e homes, salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas. A avaliación realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:
- Estrutura e organización da investigación: tamaño, mecanismos de xestión e organización, infraestruturas.
  - Traxectoria investigadora previa da agrupación.
  - Calidade e viabilidade do plan estratéxico.
  - Plan de viabilidade económica.
- d. A Comisión de Investigación elevará o informe favorable de constitución dun CI, cando proceda, ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

#### **Artigo 15. Condicións operativas xerais dun CI**

1. Todos os CI da Universidade de Vigo dependerán dunha Comisión Reitora, que estará

constituída polo Reitor, Vicerreitor/a de Investigación, Vicerreitor/a de Economía e un vocal que representa ao Consello Social. No futuro poderán incorporarse a esta comisión representantes doutras institucións e entidades públicas e privadas que contribúan significativamente ao sostemento do centro e participen dos seus obxectivos.

2. A organización funcional e de xestión dun CI estará constituída por:

- a. un director ou directora que será nomeado polo reitor, informado o Consello de Goberno e a Comisión Reitora. O director/a poderá, a súa vez, nomear un subdirector/a, según considere. O director/a nombrará unha persoa con carácter de xestor técnico, responsable da parte económica, de contratación, planificación e recursos humanos.
  - b. Un comité de dirección o executivo, formado polo director/a e aquelas persoas con tarefas de responsabilidade de xestión e/o promoción da investigación no centro.
  - c. Opcionalmente, poderá constituirse un Comité Científico, formado polos investigadores/as principais das diferentes áreas de investigación do centro.
  - d. Tamén poderá ter un Comité Asesor Internacional que asesorará ao comité de Dirección e á propia dirección.
3. As características e competencias específicas de todos eles será detallada na correspondente normativa de funcionamento do propio CI, que deberá ser aprobada polo Consello de Goberno, tras informe favorable da Comisión Reitora.

#### **Artigo 16. Sede e adscripción**

1. Os CI non terán porqué estar vinculados a novos espazos físicos. Poderán ter máis dunha sede, e mesmo poderán responder exclusivamente a estruturas organizativas de artellamento de recursos humanos e equipamento científico sen sede física propia. No caso de ter máis dunha sede, unha delas deberá actuar como sede principal, vinculada á Dirección do CI.
2. A normativa de funcionamento do CI regulará os mecanismos de adscripción ao centro, que será aprobada pola Comisión Reitora. Cada investigador/grupo so poderá estar vinculado a un único centro/agrupación.

#### **Artigo 17. Memoria anual e seguimento de actividades.**

1. Os CI presentarán á Comisión Reitora unha memoria anual de actividades, na que se indiquen os resultados obtidos durante ese período e a planificación e estratexia previstas para o ano seguinte.
2. A Comisión Reitora arbitrará os mecanismos para a avaliación do cumprimento dos obxectivos dos CI existentes, e do plan de actuación proposto, autorizando, se procede, a continuidade da súa condición. Para esta avaliación, poderá contar co asesoramento de persoas expertas externas que serán seleccionadas respectando o principio de paridade de xénero, salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

#### **Artigo 18. Medidas de apoio aos CI**

1. A Universidade de Vigo suscribirá un contrato-programa co CI, formalizado co correspondente convenio, que describirá as condicións, orientadas a minimizar a carga burocrática do persoal investigador e facilitar a xestión administrativa e económica, mediante a dotación de personalidade administrativa propia e outras ferramentas administrativas e orzamentarias específicas axeitadas.

2. Os CI serán considerados de modo prioritario, sempre que sexa posible, nos programas de axudas á investigación da Universidade de Vigo, así como nas propostas e solicitudes institucionais nos programas de captación de investigadoras e investigadores, financiamento de infraestruturas científico-técnicas e grandes proxectos.
3. Os CI poderán ser dotados de personalidade xurídica propia, se así o aconsella a evolución da súa actividade e dos resultados do plan estratéxico, e sempre de acordo coa lexislación vixente, co obxecto de facilitar a captación de recursos externos e xestión e estabilización de persoal, entre outros.
4. O goberno da Universidade poderá promover a creación dun Centro Tecnolóxico baseado nun CI, segundo a normativa vixente, cando os resultados do plan estratéxico, especialmente no relativo á transferencia de coñecemento, así o aconsellen.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

- 1a. Esta Normativa entrará en vigor o día seguinte de ser aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo
- 2a. Quedan derogadas as normativas, regulamentos, circulares, disposicións e resolución anteriores, no que se opoñan ao establecido na presente Normativa, e concretamente a “Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación de Universidade de Vigo” aprobada en Consello de Goberno do 19 de xuño de 2012.
- 3a. Esta Normativa poderá ser modificada polo Consello de Goberno a proposta da Comisión de Investigación.

### **DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS**

- 1a. Consideraranse constituídos os grupos de investigación que figuren como tales no rexistro de persoal investigador e grupos de investigación da Universidade de Vigo (SUXI-RI), e que cumpran os requisitos mínimos de composición indicados na presente Normativa. Tras a entrada en vigor da presente normativa comunicarse o inicio dun prazo de 6 meses para que os grupos rexistrados regularicen a súa situación no relativo a nomeamento de coordinador ou coordinadora, actualización de datos e composición. Ao cabo deste período, daranse de baixa automaticamente aqueles grupos que non cumpran os requisitos mínimos, quedando rexistrados os investigadores/as en calidade de investigadoras ou investigadores individuais.
- 2a. As agrupacións e Centros de Investigación actualmente recoñecidos na Universidade de Vigo indícanse no Anexo I

## ANEXO I

### AGRUPACIÓNS:

- **ECOBAS**- Economy and Business Administration for Society , agrupación de Economía
- **CITACA** -Agrupación de Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria do Campus Agua

### CENTROS DE INVESTIGACIÓN:

- **CINBIO**- Centro de Investigacións Biomédicas
- **CIM** - Centro de Investigacións Mariñas
- **AtlantTtic** - Centro de Investigacións en Tecnoloxías de Telecomunicacións-
- **CINTECX**- Centro de Investigación en Tecnoloxía, Enerxía e Procesos Industriais.